

PROGRAMA DE ACOLLIDA

CURSO 2021/22

Versión do 13 de setembro de 2021



CEIP DE PRÁCTICAS

OURENSE



Este Programa de acollida pode sufrir modificacións a partir do comezo de curso, para axustar os horarios á realidade do centro.

1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

USO DE MÁSCARA

O uso da máscara será obrigatorio para todo o persoal e o alumnado de educación primaria, tanto dentro como fóra da aula, e recoméndase o seu uso para o alumnado de educación infantil, sempre que exista boa tolerancia.

Recoméndase o emprego de máscaras hixiénicas que cumpran a norma UNE 0065 (reutilizables) ou UNE 0064 (desbotables), ou as máscaras cirúrxicas cando así se determine. As máscaras hixiénicas deberán cumprir a CSM/115/2021.

Os/as alumnos/as deberán traer un estoxo específico co seu nome para deixar a máscara no momento que deben prescindir dela (merenda ou comedor). Será obriga do alumnado traer unha segunda máscara de recambio.

ENTRADAS E SAÍDAS

Para evitar aglomeracións, tanto na entrada coma na saída, habilitáronse quendas distanciadas no tempo, sempre intentando reducilas ao máximo posible para favorecer a conciliación familiar. **PREGAMOS SE CUMPRAN OS HORARIOS ESTABLECIDOS** polo ben de toda a comunidade educativa.

O alumnado de educación infantil virá acompañado só dun familiar, deixándoo na fila e abandonando o recinto escolar.

Os familiares do alumnado de educación primaria non poderán acceder ao patio.

Cando o/a alumno/a entre ao centro, os acompañantes deben abandonar os arredores para evitar a formación de grupos de persoas.



PRIMEIRO DÍA DE CLASE: 9 DE SETEMBRO

O primeiro día de clase establece un horario de entrada por grupos, coa finalidade de evitar aglomeracións.

Educación Primaria: haberá un lugar sinalizado para cada grupo nos cadros do patio, onde o/a titor/a esperará ao seu alumnado.

5º e 6º de Educación Infantil: o alumnado colocárase en fila no patio cuberto.

O alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria só traerá unha libreta e o seu estoxo.

9 de setembro				
INFANTIL		PRIMARIA		
4º (3 anos)	5º e 6º (4 e 5 anos)	1º e 2º	3º e 4º	5º e 6º
9:50 h	10:00 h	9:30	9:15	9:00
Porta principal	portalón	portalón	portalón	portalón

PERÍODO DE ADAPTACIÓN DO ALUMNADO DE 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

- o **9 e 10 de setembro**: unha sesión, de 9:50 h a 10:40 h.
- o **Do 13 ao 17 de setembro**: dúas sesións, de 9:50 h a 11:00 h.
- o **20 e 21 de setembro**: tres sesións, de 9:50 h a 12:20 h.

ENTRADAS

4º Ed. Infantil (3 anos)	5º e 6º Ed. Infantil (4, 5 anos)	1º Ed. Primaria	2º, 3º e 4º Ed. Primaria	5º e 6º Ed. Primaria
9:00 - 9:05	9:00 - 9:05	8:50 - 9:00	8:50 - 9:00	8:50 - 9:00
Porta principal e será entregado na súa aula	Portalón e colcocarase na fila no patio cuberto.	Portalón e colcocarase na fila no patio cuberto.	Portalón	Porta do comedor



O profesorado esperará ao alumnado na súa aula ou ben na fila correspondente do patio cuberto. Nas escaleiras haberá profesores/as de garda para controlar o acceso.

O **alumnado de necesidades educativas especiais** que precise de cuidador/a para o seu traslado, será recollido na porta do comedor, portalón ou na súa fila, segundo corresponda por curso, e acompañado á súa aula.

SAÍDAS

4º Ed.Infantil (3 anos)	5º e 6º Ed.Infantil (4,5 anos)	1º e 2º Ed.Primaria	3º, 4º Ed.Primaria	5º e 6º Ed.Primaria
13:50	13:50	13:55	14:00	14:00
Aula (entrando pola porta principal)	Patio cuberto	Patio cuberto	Patio cuberto	Patio cuberto pequeno

O alumnado de 5º e 6º de educación primaria que non teña autorización para saír só, farao ao final da fila e os familiares esperarán no exterior do patio cuberto pequeno, evitando aglomeracións e gardando a distancia de seguridade.

NA SAÍDA NON SE PERMITE QUE O ALUMNADO QUEDE FORMANDO AGRUPACIÓNS, TANTO NO PATIO COMA NA VÍA PÚBLICA.

CIRCULACIÓN POLO CENTRO NOS CAMBIOS DE CLASE

Nos corredores sempre se circulará pola dereita de forma individual, respectando a distancia de seguridade. Seguirase a sinalización do chan que indica a dirección dos desprazamentos, mantendo a distancia de seguridade entre cada alumno/a.

Sempre que sexa posible débese evitar tocar o pasamáns.

A escaleira central (ascensor) empregarase para as subidas e as dúas dos extremos dos corredoiros (música e psicomotricidade) para as baixadas.



RECREOS

Realizaranse tres quendas de recreo: educación infantil; 1º, 2º e 3º de educación primaria; 4º, 5º e 6º de educación primaria. Divídese o patio en diferentes espazos para cada un dos grupos.

O sobrealmorzo tomarase na aula coas medidas de hixiene de mans, distancia e desinfección de superficies.

Ao finalizar o recreo irán directamente ás aulas, non poden parar nos baños. Á volta do recreo serán os profesores/as que teñan docencia no grupo os que regularán o fluxo de asistencia ao baño controlando a hixiene de mans e o aforo.

Prohíbese o uso de elementos comúns de xogo así como a utilización de obxectos e xoguetes que poidan ser compartidos.

INFANTIL	1º,2º,3º	4º,5º,6º
1ª sesión	1ª sesión	1ª sesión
2ª sesión	2ª sesión	2ª sesión
10:40 - 11:00 hora de ler	3ª sesión	3ª sesión
11:00 – 11:30 recreo	11:30 - 11:55 hora de ler	11:30 - 11:55 recreo
3ª sesión	11:55 – 12:20 recreo	11:55 – 12:20 hora de ler
4ª sesión	4ª sesión	4ª sesión
5ª sesión	5ª sesión	5ª sesión

ASEOS

O alumnado de 4º e 5º de educación infantil só usará o aseo da súa aula. O resto do alumnado empregará os aseos da planta e zona máis preto da aula.

Os aseos da planta principal empregados durante o recreo no patio exterior só se poderán usar en caso de urxencia.

A limitación de aforo para os aseos será de 1 usuario e para controlalo haberá un semáforo no exterior que indicará se o aseo está libre ou non. O alumnado antes de saír da súa aula ao aseo deberá desinfectar as mans con xel hidroalcohólico, e volverá a facelo ao entrar nela. Á saída do aseo deberá hixienizar as mans con auga e xabón.

Os vestiarios do pavillón non se poderán empregar.



O profesorado e persoal non docente fará uso dos aseos para docentes en cada unha das plantas.

Dado que as labores de limpeza e desinfección son prioritarias, aqueles aseos que estean sendo desinfectados non poderán ser empregados ata que remate a súa limpeza.

Todos os aseos contarán con xabón de mans, panos desbotables e papeleiras de pedal, así como carteis informativos sobre o correcto lavado de mans.

COMEDOR

1ª QUENDA			2ª QUENDA	
4º infantil	5º,6º infantil	1º,2º primaria	3º, 4º primaria	5º,6º primaria
13:45	13:45	13:50	14:35	14:35
Comedor pequeno	Salón de actos	Comedor grande	Comedor grande	Aulas ANPA
			Esperarán nas aulas	

SAÍDA									
INFANTIL			PRIMARIA						
4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º	
15:15	15:15		15:30		15:25	15:35	15:25	15:30	
Porta comedor	Patio cuberto	Patio cuberto	Patio cuberto	Patio cuberto	Porta comedor	Porta comedor	Porta principal	Porta principal	

O alumnado de cada aula sentarase na mesma mesa, mantendo a distancia co resto dos grupos.

O persoal colaborador será o mesmo en cada unha das quendas.

Haberá ventilación constante, sobre todo no cambio de quenda, desinfectando as mesas antes da entrada dos grupos da segunda quenda.

A saída realizarase en quendas distanciadas no tempo.



USO DAS AULAS

Cada alumno/a terá o seu material (co seu nome) nun estoxo.

O alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.

Non se compartirá ningún material sen a previa desinfección do mesmo.

En educación física minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos/as, procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans.

Cando se faga uso do encerado deberase desinfectar o rotulador antes de empregalo. No caso do xiz, cada alumno/a terá un no seu estoxo.

Cada alumno/a terá unha percha individual.

As ventás, portas, persianas, dispositivos de funcionamento da iluminación de cada aula deberá ser manipulado exclusivamente polo profesorado para diminuír riscos de contaxio.

BIBLIOTECA

Evitarase usar a biblioteca como lugar de traballo, e no caso de que sexa necesario o equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

O alumnado acudirá acompañado por un profesor/a para facer uso do sistema de préstamo. Os libros devoltos permanecerán 4 horas en caixas illadas e identificadas antes de volver aos andeis.

Antes de entrar hixienizarán as mans e na saída farán desinfección dos postos que ocupasen, de ser o caso, e hixiene de mans novamente. Será ventilada durante 15 minutos.

Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando impliquen un uso compartido.



COMUNICACIÓN XERAL DO CENTRO COAS FAMILIAS

Utilizaranse como mecanismos de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e a plataforma Abalarmóbil.

As familias poderán comunicarse co centro a través de:

Teléfono: 988218441

Correo electrónico: ceip.practicas.ourense@edu.xunta.es

A comunicación coa ANPA realizarase do seguinte xeito:

- Para contactar: correo electrónico anpa.practicas.ourense@gmail.com
- Para recibir información: canle de TelegramAnpa CEIP de Prácticas (<https://t.me/anpaceipdepracticas>)

TITORÍAS

O horario de titorías será o martes de 16:00 h a 17:00 h.

As notificacións do titor/a coas familias realizaranse por Abalarmóbil.

As familias xustificarán as faltas de asistencia e pedirán cita previa ao titor/a por Abalarmóbil.

As familias deben actualizar os seus datos de contacto, notificando en secretaría os cambios que se puideran producir.

Nas reunións de titoría coas familias priorizarase a comunicación por videochamada (cisco webex) ou por chamada telefónica dende o teléfono do centro. Se non fose posible, realizarase de forma presencial na aula do alumno/a, pedindo cita previa ao profesor/a, e cumprindo estritamente coas debidas medidas de protección. (Só se atenderá a dúas familias por día e grupo)

ORIENTACIÓN

Priorizarase a comunicación por videochamada (cisco webex) ou por chamada telefónica dende o teléfono do centro. Se non fose posible, realizarase de forma presencial no despacho de orientación coas debidas medidas de protección e sempre con cita previa.



ATENCIÓN DIRECCIÓN OU XEFATURA DE ESTUDOS

Só se atenderá presencialmente con cita previa.

Para calquera dúbida, consulta ou suxestión tamén se pode empregar o correo electrónico do centro ceip.practicas.ourense@edu.xunta.es.

SECRETARÍA

Horario de atención ás familias: De 9:30 h a 10:50 h e de 12:15 h a 13:15 h.

2. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

MEDIDAS DE PREVENCIÓN

Creación do **EQUIPO COVID** que actuará como referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as funcións recollidas no Plan de Adaptación á situación Covid-19 no curso 2021/22.

AUTO ENQUISA DIARIA: o profesorado, persoal non docente e alumnado realizará unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Esta enquisa facilitarase ao alumnado o primeiro día de clase ou poderase descargarse da web do centro. O pai/nai/ titor legal deberá asinar unha “**Declaración responsable**” na que se compromete a realizar diariamente a enquisa de auto avaliación COVID.

Non asistirán ao centro o alumnado, profesorado ou persoal non docente que teña síntomas compatibles con Covid-19, ou se atopen en illamento ou período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19. Esta situación será comunicada por teléfono á dirección do centro, á maior brevidade posible.

ESPAZO DE ILLAMENTO COVID: o baño adaptado situado na planta principal, ao lado da porta de saída ao patio. Este espazo conta con ventilación adecuada, solución hidroalcohólica, papeleira de pedal, panos desbotables e máscaras.

MEDIDAS DE HIXIENE

Corresponde ao Concello xestionar, planificar, organizar e desenvolver as medidas de limpeza do centro.



O profesorado que entra nunha aula como novo usuario deberá desinfectar o ordenador, teclado, mando a distancia, mesa e cadeira, realizando unha correcta hixiene de mans antes do seu uso.

O profesorado que teña a última sesión con cada grupo será o responsable de que todo o material da aula quede recollido e desinfectado.

Cada novo usuario desinfectará con desinfectante de superficies o material compartido (fotocopiadora, ordenadores), empregando xel hidroalcohólico para o seu manexo.

No caso das aulas que son usadas por máis dun grupo, o alumnado deberá desinfectar as mans á entrada e saída da mesma. No cambio de grupo ventilarase a aula e hixienizaranse pupitres e cadeiras.

Sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan as xanelas estarán abertas o maior tempo posible. Debe realizarse a ventilación entre cambios de clase e nos recreos.

En todas as aulas haberá un rexistro de ventilacións diarias que cubrirá o profesor/a que a utilice indicando a hora e o tempo de ventilación.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN

O profesorado e persoal non docente poderá usar viseiras protectoras.

Colocáronse mamparas de protección en secretaría e conserxería.

Habilitáronse dispensadores de solución hidroalcohólica e papeleiras con pedal en todas as entradas, aulas e espazos comúns.

Para a desinfección de mesas, cadeiras, ordenadores... dotáronse as aulas e os espazos comúns con panos desbotables e solución desinfectante virucida..

Nos aseos instaláronse portapanos desbotables e dispensadores de xabón, así como unha papeleira con pedal en cada un.

Todos os pupitres de 3º a 6º de primaria colocaranse en liñas mirando cara a dirección do posto do/a profesor/a. Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula.



Os titores/as serán os responsables de dar a coñecer as actuacións do Programa de Acollida de forma adaptada á idade do alumnado. As primeiras semanas do curso traballarán co seu grupo na adquisición destas rutinas:

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sacala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida.
- Evitar tocarse ollos, nariz e boca.
- Hixiene de mans á entrada na aula e nos aseos (seguindo as instrucións que hai en todos os aseos).
- Tapar a boca cun pano desbotable ao tusir ou esberrar, que se desbotará na papeleira con pedal; se non é posible, tusir contra a flexura do cóbado. Incidir na limpeza de mans posterior.
- Manter a distancia física.
- Non compartir o material propio.

3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL

Todos os niveis do centro terán acceso á aula virtual. Crearanse os cursos (un por nivel) dentro da aula virtual do centro, así como os usuarios para o alumnado e profesorado.

Ao inicio de curso dedicaranse varias sesións co alumnado para a familiarización da aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento.

Propónse o emprego da aula virtual habitualmente no ensino presencial para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia. Cada grupo (agás 5º e 6º, por ter E-Dixgal) terá asignada unha hora semanal na aula de informática.

Cada alumno/a anotará o seu usuario e contrasinal na súa axenda, para evitar perdas.

No caso do alumnado de educación infantil e 1º e 2º de educación primaria solicitarase a colaboración das familias que recibirán o usuario e contrasinal por Abalarmóbil.

4. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio de curso dirixidas polos titores de cada un dos grupos.